

GRIAL

151

XULLO, AGOSTO, SETEMBRO

TOMO XXXIX / 2001

DOMINIQUE POULOT

O patrimonio, lugar común da obxectivización
da cultura europea

JUSTIN O'CONNOR

A definición das “industrias da cultura”

XOSÉ MANUEL DASILVA

Curros Enríquez, traductor de Camões: as endechas
“A Bárbara escrava” en galego

ANA ROMANÍ

Entrevista con José Ángel Valente

RAMÓN LUGRÍS

Nacións Unidas: da fantasía á realidade

MANUEL VEIGA

O “apoliticismo” da burguesía viguesa (1881-1931)

EDUARDO BRAGADO RODRÍGUEZ / PEDRO LAGO PEÑAS

Acción política e sindical e interacción estratégica durante
o franquismo en Galicia. O caso do estaleiro Vulcano (1936-1966)

Mulleres de fe

- ENGRACIA VIDAL ESTÉVEZ. *Por unha igrexa tamén feminina*. Encrucilladas-Monografías, Santiago de Compostela, 2000.

As relacións das mulleres coa Igrexa, a súa situación na mesma, son elementos importantes para atender ó grao de igualdade das mulleres na nosa sociedade en xeral, crentes ou non. Ben é sabido que a Igrexa, como institución e xerarquía, é absolutamente masculina. Baseándose na argumentación bíblica e teolóxica, confina as mulleres nun lugar subordinado cando non son simplemente excluídas, discriminando mesmo entre mulleres relixiosas e homes relixiosos. Moitas son xa as voces que reclaman a igualdade das mulleres. Fondas son as razóns teolóxicas e os argumentos bíblicos empregados e despregados, sobre todo, polas teólogas feministas; as críticas á igrexa-institución compleméntanse coas prácticas anovadoras das mulleres de fe; quérese, xa que logo, poñer fin á exclusión e á discriminación. Coas palabras escritas, coas prácticas, non se persegue só unha adaptación máis ou menos semellante ós niveis acadados polas mulleres nas sociedades occidentais actuais, é dicir, a igualdade formal —o que, por outra parte, xa non é pouco—, senón remover as bases do cristianismo, comprender o mesmo retomando as esixencias de xustiza e igualdade. Dito doutro xeito máis claro, a cuestión non radica simple e exclusivamente no acceso das mulleres ó sacerdocio —quizais o aspecto máis visible ou emblemático do problema, mais non o único e fundamental—, o obxectivo é facer posible a Igrexa de Xesús, a consecución dunha igrexa máis inclusiva e sen renunciar á utopía. Desde esta perspectiva o feminismo e a teoloxía feminista así como a comunidade de cristiáns, e non a xerarquía, teñen un papel decisivo e agroman nos textos escritos por Engracia Vidal desde 1975, recollidos agora baixo o título de *Por unha igrexa tamén feminina*, escritos en diferentes momentos e en distintos medios pero que seguen a ter actualidade, como a propia autora nos fai ver mediante os atinados comentarios que os acompañan e coa inclusión dun texto inédito, o VIII, e que serve así mesmo para dar título ó libro.

Mulleres de fe, feministas, cristiás, dan corpo a un movemento no que Engracia Vidal se reconece, impulsa, e ó que vén facendo desde hai anos unha gran contribución. A súa posición e a súa defensa da igualdade pode resumirse nas súas propias palabras: “Queremos estar dentro en pé de igualdade. Non ser excluídas nin da Xerarquía, polo tanto dos postos de decisión; nin da Teoloxía, polo tanto dos lugares de reflexión; nin da Pastoral, polo mesmo dos ministerios de evanxelización e sacramentalización. Máis nada. ¿Non é lícito, xusto e conveniente, cando nos sabemos bautizadas nunha Igrexa que ten no seu fundamento a igualdade e no seu precepto o amor?” (p. 118). De aí xorde, como ela mesma indica, o “*tamén*” recollido no título, expresión da apostila pola inclusión. O seu compromiso coa xustiza e a igualdade lévana igualmente a non obviar os problemas da sociedade e da terra na que vive e sobre a que reflexiona, isto é, o seu compromiso abrangue a lingua e a cultura galegas. A nosa autora reflicte

e dá boa conta, anima a través dos seus escritos, ese movemento de Mulleres, cristiás, galegas que acabará saíndo á luz no ano 1996, e que incorpora ó grupo de "Mulleres e teoloxía" formado en Santiago no ano 1993. *Por unha igrexa tamén feminina* é unha testemuña viva do esforzo persoal de Engracia Vidal e transmite o de moitas más mulleres por acadar a igualdade. Dá conta do certamente lento pero imparable proceso do feminismo na Igrexa Galega. Neste sentido estamos ante un texto básico para entender e atender a historia do feminismo en Galicia, achegándonos a ese campo pouco coñecido, moito menos áinda que o feminismo laico, como é o feminismo relixioso ou eclesial, o das mulleres de fe. Engracia Vidal preséntanos un feminismo eclesial non desvencellado do feminismo social, laico, en xeral, mais a súa aportación ten o mérito da súa concreción en Galicia. Abondaría só con isto para interesarse por este libro, sen embargo, nel achamos a máis bos argumentos na defensa da igualdade das mulleres e unha posición aberta e manifesta respecto dos temas más candentes no seo da Igrexa: celibato, virxindande, maternidade, sacerdocio, así como unha análise do Novo Catecismo ou doutros documentos eclesiás. Tamén se engaden dous documentos de grande interese: o do Movemento *Somos Igrexa* e a carta de identidade das *Mulleres, Cristiás, Galegas*.

A relixiosidade, a loita pola igualdade e a xustiza adoita na autora un sentido optimista e esperanzado, acompañado de ben fundadas críticas, e que sen presas pero sen pausas nos amosa o compromiso e os anceios das mulleres, cristiás, galegas, por iso, trala lectura do libro non sorprenden as súas palabras finais: "... eu penso que as mulleres queremos seguir crendo na forza da mensaxe de Xesús, para o que vinte séculos non son nada. Ó mellor dentro doutrinos vinte cambia a estructura eclesial e cambia o mundo. Dicímolo así por ser "boas" pero a verdade é que temos algunha presa por conquistalo" (p. 141). Esa presa é compartida por moitas mulleres, dentro e fóra da Igrexa, crentes ou laicas. O feminismo eclesial, o esforzo e reflexións de Engracia Vidal a prol dunha Igrexa tamén feminina forman parte da nosa historia más recente e son un referente fundamental no camiño da igualdade.

MARÍA XOSÉ AGRA ROMERO

Proposta para a aprendizaxe de técnicas xornalísticas

- MIGUEL ÁNGEL BASTENIER. *El blanco móvil. Curso de periodismo*. Ediciones El País. Madrid, 2001.

A formación dos xornalistas segue motivando reflexións teóricas sobre as fórmulas ideais e segue favorecendo a aparición de libros que serven de guía, manuais ou material de traballo para todos aqueles que tratan de ampliar os coñecementos sobre o mundo da comunicación. Un dos últimos manuais para